

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cualificación nas Unidades Didácticas:

Os criterios especificados máis abaixo, serán aplicados na maioría das Unidades Didácticas, exceptuando a de Expresión Corporal, na que se incrementará o apartado Actitudinal ata o 50% en detrimento do Conceptual que diminúe a o 10%, quedando o Procedemental nun 40%.

Para superar a Unidade Didáctica será necesario puntuar por enriba do 40% en conceptos e 50% no resto en actitude e procedementos.

Aprendizaxe Contidos	Conceptuais	Actitudinais	Procedimentais
Consideración en Cualificación	20 %	40 %	40 %

Os instrumentos dos que dispoñemos para valorar estes contidos son:

- **Contidos conceptuais:** Realización de traballos monográficos e exames propostos en cada avaliación que estarán relacionados cos aspectos teóricos, probas de cuestionarios, etc.
- **Contidos procedimentais:** Por medio de probas de execución e escalas de puntuación; a valoración farase individualmente, mediante test específicos de destrezas motrices, creacións coreográficas e expresivas. A valoración do acondicionamento Físico farase mediante a aplicación de varias probas que midan as calidades físicas traballadas nese momento.
- **Contidos actitudinais:** Ao ser a Educación Física unha área eminentemente práctica valoraremos: a participación nas tarefas, o material deportivo axeitado, o esforzo persoal, interese por la materia, participación activa nas propostas, a colaboración e respecto cos compañeiros, respecto polo material e respecto polas regras das actividades. Esta valoración farémola mediante observación subxectiva e directa, así como a través dos rexistros diarios no caderno do profesor.

Queremos destacar debido a particularidade dos contidos que na materia se traballan son prácticos, o alumnado debe asistir ás clases co material deportivo adecuado.

O alumnado terá que entregar os traballos que se lle solicite en tempo e forma indicados. Así coma manter unha actitude positiva en canto a hixiene persoal e asearse ao finalizar cada sesión e levar roupa limpa para cambiar ao rematar a sesión.

Colaborará na recollida do material utilizado e no seu coidado e mantemento. Amosará en todo momento un afán de superación persoal, interese, atención e respecto tanto ao profesorado coma ós seus compañeiros.

Aquel alumnado que por motivos de saúde non poida realizar actividade física cando se trate de minusvalías físicas transitorias ou afectados por deficiencias físicas crónicas, debidas a lesións ou por motivos de saúde, deberanse aplicar as exencións dos exercicios

físicos que resulten contraindicados por prescripción médica. De ningunha maneira se prevé a exención total da materia; a exención aplicarase, exclusivamente, ás clases prácticas, sendo obrigatoria a súa asistencia a clase e elaborar unha ficha diaria das sesións dos contidos que se traballaron e que ao finalizar a clase deberá entregar ao profesor/a.

Os alumnos exentos da parte práctica de Educación Física tamén terán que realizar diarios das sesións e/ou traballos sobre a unidade didáctica que se está traballando á marxe dos que realicen os seus compañeiros non exentos para seren avaliados positivamente. Tamén farán as probas teóricas correspondentes a cada trimestre tendo que conseguir os mínimos expostos na programación.

Aos alumnos que non poidan realizar as tarefas prácticas de forma permanente elaboraráselles unha Adaptación do Currículo (ACI).

As porcentaxes anteriores aplicaranse sempre tendo en conta que os alumnos necesitan obter 5 puntos para superar a materia.

Co fin de ofrecer unha información o máis obxectiva posible ao alumnado, distribuiremos diferentes porcentaxes ou peso da cualificación a cada un dos criterios e indicadores a través de rúbricas de avaliación, que expresen o resultado final da avaliación por trimestre e por ano. Utilizaremos distintas rúbricas de avaliación en cada unha das UD's. Cada unha delas terá un peso na avaliación de cada unidade. Utilizaremos 4 tipos de rúbricas:

1. RÚBRICA DE ASPECTOS MOTORES E PRÁCTICOS: relacionados coa actividade física e deportiva.
2. RÚBRICA DE PARTICIPACIÓN E ESFORZO: ten que ver coa actitude cara a materia. Será común a todas as UD's.
3. RÚBRICA CONCEPTUAL: para aspectos máis teóricos onde se valorará tamén o uso das TIC, entrega de fichas e traballos, traballo na aula cos apuntes, etc.
4. RÚBRICA HIXIÉNICA: relacionada coa hixiene persoal e a utilización de roupa deportiva adecuada para a práctica físico deportiva.

Cualificación Trimestral:

Deducida das cualificacións obtidas nas Unidades Didácticas desenvolvidas ao longo dese período académico.

Redondeo de cualificacións:

Ante a imposibilidade de asignar cualificacións con decimais, o departamento establece, de común acordo, conceder ao alumno a cualificación numérica inmediatamente superior cando se obteñan 5 ou máis décimas (exemplo: 5,4 = 5 / 5,5 = 6).

Avaliación final do curso

Haberá unha avaliación final a finais de xuño, en que se fará efectiva a cualificación definitiva da materia e se realizará a valoración das competencias clave do alumnado.

O profesor realizará un informe individualizado do alumnado que teña a materia -ou parte dela- sen superar, co fin de establecer as actividades de recuperación que lle permitan acadar as aprendizaxes necesarias para continuar o seu proceso de formación. Neste informe aparecerán reflectidos os seguintes elementos:

- A identificación do alumno/a.
- As cualificacións acadadas en cada unha das avaliacións parciais.

- As partes da materia sen superar (bloques de contidos, temas, estándares...)
- As actividades de recuperación propostas, coa debida temporalización.

Para comprobar a adquisición dos coñecementos imprescindibles que o alumno/a precisa para continuar o seu proceso de formación, será avaliado/a tendo en conta os resultados obtidos nas actividades de recuperación propostas no seu plan individualizado.

- Todo/a alumno/a cunha avaliación non superada, deberá realizar actividades de reforzo dos contidos non superados (traballo monográfico ou proba de execución).
- Todo/a alumno/a con dúas avaliacións non superadas e cunha actitude favorable necesitará realizar actividades de reforzo ou superar a avaliación final para aprobar a materia do curso.

Plan reforzo para alumnado da ESO que pase de curso con educación física sen superar

O alumnado que teña a materia pendente do curso/s anterior/es, deberán seguir un programa de actividades individualizadas de Acondicionamento Físico e Mellora de Habilidades específicas de deportes individuais e de adversario (agás "contidos progresivos"). Tamén terán que entregar traballos monográficos sobre as unidades didácticas da materia pendente; terán que pasar probas de control, nas que se informará ao titor de referencia e á familia dos alumnos.

Debido á complexidade e á característica eminentemente práctica e participativa desta materia e sendo de carácter obrigatorio en todos os cursos, as medidas para axudar a este alumnado terán en conta os seguintes aspectos:

- Revisar a súa actitude, traballo e esforzo.
- Preguntas, dúbidas ou dificultades con maior frecuencia.
- Plantexar en caso necesario maior número de alternativas a xogos ou actividades que lle permitan conseguir de igual maneira o desenvolvemento das competencias programadas.
- En cada sesión de avaliación farase o seguimento e realizaranse axustes se fose necesario.
- Para superar a materia deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo, o que será tido en conta para efectos de promoción e/ou titulación.
- O Plan de reforzo establécese cunha duración de todo o curso.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: MEMORIA FINAL

Unha vez levada a cabo a Programación Didáctica, os membros do departamento valorarán a súa posta en práctica. Para iso utilizarán un instrumento no que se recollen criterios como: Adecuación (ao alumno e contexto), Validez (ao currículo), Viabilidade (consecución) e Utilidade (coherencia). Finalmente, redactarase unha MEMORIA FINAL que reflicta as conclusións obtidas e que serán consideradas para realizar a proposta de mellora da Programación Didáctica do curso seguinte.